

TÉCNICAS DE INTERVENCIÓN E RECURSOS DA CULTURA DE CRIANZA 0-3

Xoana Balado

6-4-2019

GUÍA – CONTIDOS.

1. A intervención sobre o desenvolvemento da crianza desde un enfoque global.
2. As mediacións corporais e a construción dunha relación privilexiada con cada crianza. Imprescindibles da comunicación preverbal. Os posicionamentos. Defensas e recursos de protección.
3. Xerar espazos para a exploración e a relación: a proxémica, o manexo das distancias.
4. Os obxectos: cualidades e operacións relacionais.
5. Esquemas relacionais.
6. 0-3: o itinerario da atención mutua á atención compartida.
o itinerario do nacemento psicolóxico: acompañar e promover os procesos de separación/individuación.
7. As relacións enriquecidas : o xogo e a xogaina.
8. As necesidades complexas: o uso do contacto para a relación e a comunicación.
9. A articulación das sesións.
10. Alentar e coidar a sensibilidade das familias.
11. As culturas de crianza: prácticas de crianza, rexistros, rutinas e rituais.

PRÁCTICA.

Acordos e rupturas tónicas.

A exploración sensoriomotriz dos obxectos.

Operacións e cualidades relacionais dos obxectos.

*** Plantexamento e comentarios sobre un caso: I.C.**

TÉCNICAS DE INTERVENCIÓN E RECURSOS DA CULTURA DE CRIANZA 0-3

Materiais

Envío de documentos sobre os contidos desta sesión

Os materiais que acompañan estas sesión:

- recursos para a elaboración de propostas de relación, actividade e xogo nas sesións de apoio.
- algúns documentos que fundamentan e profundizan sobre as características das relacións e da comunicación temperá e da necesidade e función das mediacións corporais e do diálogo tónico.
- algún apunte sobre as aportacións a esta etapa das culturas de crianza, que compre explorar e recoñecer para situarnos e orientarnos nos universos simbólicos que habitaremos e compartiremos coas familias.

Algúns destes documentos conteñen información, plantexamentos e comentarios de distintos marcos de referencia de uso común e de actualidade nas prácticas da atención temperá. Non están exentos de cuestións discutidas e controvertidas, e dan conta das distintas orientacións que compre considerar, pois os profesionais van elaborando itinerarios e recursos propios, en función da súa orientación, referencias, formación de partida, práctica da interdisciplinabilidade, das súas exploracións e búsquedas.

De entre todos estes documentos, precisamos traer estes dous revisados á sesión do día 5/4.

- “El cuerpo en los procesos de comunicación y aprendizaje
- “Facilitacións para a comunicación de nenos e nenas con necesidades complexas.”

Pídese ós/ás participantes traer para unha pequena práctica:

- Roupa cómoda
- Calcetíns antideslizantes
- 1 coxín
- Un fular lixeiro